

# CONTOS DESDE O TELLADO

## A música que pinta

con Bea Lema

### INTRO

Propoñemos unha lista de cancións duns 20 minutos con temas dun minuto de duración con estilos musicais moi diferentes entre eles (clásica, rock, flamenco...). Mentres que no chan, dispoñemos unha serie de cartolinas de cores. Os/as participantes estarán de pé e terán un bote con pintura e un pincel.

### EMOCIÓN

Comeza a soar a música. Os nenos e nenas terán que pintar o que lles suxiran as audicións. Cambia a música e cambian de lugar, así con todos os temas. Como resultado, obteremos unha serie de lenzos abstractos.

*Duración estimada: 25 min.*

### INSPIRACIÓN

A continuación, os/as participantes formarán parellas, donde cada unha escollerá un álbum dos presentados, o cal analizarán [de xeito superficial] en base aos seus personaxes, escenarios e cores, tratando de dar resposta as preguntas: cantos / cales/ quen ou que / por que.

*Duración estimada: 15min.*

### NARRACIÓN

A conciliación dos diferentes elementos recollidos na fase anterior, daranos pé a urdir a trama da nosa historia, definindo personaxes, escenarios e cores.

*Duración estimada: 15 min.*

### CREACIÓN

Nesta última fase, e cunha música pausada de fondo, transformaremos as pinturas en paisaxes, engadindo personaxes e propoñendo detalles (un barco, unha casa, unha árbore, etc.) para esbozar unha narrativa visual.

*Duración estimada: 60 min.*

### OBXECTIVO

**O obxectivo de este taller é artellar unha dinámica de grupo para que os rapaces e rapazas gocen dun espazo de liberdade á hora de crear. Xerar unha enerxía colectiva que lles faga entregarse ao proceso, ao tempo, que se achegan de maneira sintetizada a algúns dos fundamentos visuais dun álbum ilustrado.**

**D I D A C**

